

Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural

TITULO I: DENOMINACIÓN E RÉXIME LEGAL

ARTIGO 1º.- A Asociación foi constituída en Redondela ó 19 de Xuño do ano 2001. Nas datas do 26 de marzo de 2004, 1 de agosto de 2008, 22 de agosto de 2008, 18 de decembro de 2008, 16 de outubro de 2009, 29 de abril de 2011, 25 de abril de 2013, 26 de abril de 2016, 16 de marzo de 2017, 4 de xullo de 2018 e 15 de xullo de 2022 apróbanse novas modificacións estatutarias. A Asociación é unha entidade sen fins de lucro, que se rexerá polo disposto na Lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do Decreto de Asociacións, o artigo 22 da Constitución, e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable, é dicir, os presentes estatutos, o Regulamento de Réxime Interno, así como os acordos validamente adoptados pola súa Asemblea Xeral e órganos directivos dentro da esfera da súa respectiva competencia.

ARTIGO 2º.- Esta Asociación, xa está constituída e inscrita no seu rexistro correspondente, e dispón de plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins.

A Asociación de Desenvolvemento Rural MAIV – Baixo Miño pasa a denominarse Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural.

A Asociación e os seus representantes empregarán na medida do posible a lingua galega en todos os seus documentos, e de xeito preferente nas comunicacións orais e reunións.

TITULO II. DOMICILIO SOCIAL E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

ARTIGO 3º.- A Asociación fixa o seu domicilio social na Avenida Peinador, nº 39 de Tameiga; 36416 Mos.

Poderán ser creados locais sociais noutras localidades pertencentes ó ámbito de actuación da Asociación mediante acordo da Asemblea Xeral, que tamén terá facultades para poder cambiar tanto o domicilio principal como o referente ó resto das sedes existentes da mesma.

ARTIGO 4º.- A Asociación terá como ámbito de actuación o territorio dos concellos de: A Guarda, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Oia, O Porriño O Rosal, Pazos de Borbén, Redondela, Tomiño e Tui.

Porén, para a execución dalgún programa específico que execute dita Asociación poderanse establecer delimitacións territoriais diferentes. Do mesmo xeito, se a

Asemblea Xeral así o decide, poderase modificar ó ámbito territorial de actuación a outros concellos.

TITULO III. OBXECTO SOCIAL E ACTIVIDADES.

ARTIGO 5º.-

5.1. A Asociación ten como obxecto social servir de núcleo de converxencia e representación dos axentes territoriais, institucionais, sociais, medioambientais, culturais, e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento integral e equilibrado do territorio, con cinco principios básicos de actuación:

- a) Portas abertas.
- b) A defensa dos intereses sociais, económicos, profesionais e culturais de toda a sociedade rural galega.
- c) A democracia como mecanismo de funcionamento interno.
- d) A independencia na toma de decisións.
- e) A promoción da paridade de xénero dos órganos de decisión da asociación.

Para acadar os seguintes fins:

- 1) Servir ós asociados de centro receptor, canalizador e distribuidor de toda a información relativa ó campo de acción do desenvolvemento local e autonómico cun ámbito de actuación estatal e internacional, centrándose esta tarefa principalmente na prospección e coñecemento das dotacións, recursos e proxectos existentes en cada momento e susceptibles de seren levados a cabo pola asociación ou ben polos seus asociados.
- 2) Sensibilizar ás Administracións Locais, Autonómicas, Estatal e Entidades Públicas e Privadas, así como ás Institucións Comunitarias Europeas da necesidade de optimizar o aproveitamento dos recursos endóxeos do territorio de actuación da asociación de cara ó seu desenvolvemento harmónico, equilibrado, sostido e integral.
- 3) Vertebrar os diferentes sectores socioeconómicos e constituír un foro de debate continuo sobre os problemas da zona, prestando especial atención aos mozos, as mulleres, a protección do ambiente e a creación de emprego, e ás actividades agrogandeiras e forestáis.

- 4) Participar en cantas iniciativas locais, autonómicas, estatais, e internacionais que contribúan a potenciar o desenvolvemento socioeconómico do territorio de actuación da asociación.
- 5) Posibilitar entre os asociados e outros interesados, o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo e intervención no ámbito do desenvolvemento local e rexional.
- 6) Ser centro receptor e distribuidor de toda a información relativa ao desenvolvemento socioeconómica do medio rural, tanto a nivel estatal coma internacional, centrándose esta labor principalmente no coñecemento dos recursos e promoción de proxectos e iniciativas de interese para lograr un desenvolvemento harmónico, equilibrado, endógeno, sostible e integral.
- 7) Potenciar, revalorizar e preservar os recursos naturais, culturais , históricos, artísticos e agrosilvopastorís da zona.
- 8) Concienciar á poboación da necesidade de protexer o ambiente e o contorno rural, e tomar parte activa niso, mediante actividades orixinais e innovadoras.
- 9) Formular e transmitir á poboación a estratexia adecuada para lograr o desenvolvemento da zona, así como promover a súa aplicación.
- 10) Articular unha dinámica e participación que facilite o desenvolvemento tanto social como económico.
- 11) Poñer en coñecemento da poboación métodos alternativos para a valorización do agro galego e o seu monte como ferramenta que fixe poboación nos núcleos rurais.
- 12) Investigar e divulgar técnicas agrosilvopastorís máis respectuosas co medio ambiente que permitan unha mellor protección da paisaxe e da súa diversidade.
- 13) Realización de actividades relacionadas cos principios e obxectivos da cooperación para o desenvolvemento.
- 14) Empregar o territorio como emprazamento prioritario e observatorio para a investigación, supervisión e mitigación do cambio climático e a súa adaptación a éste, e tamén para fomentar o Acordo de París da COP21 na Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático.
- 15) Promover a Responsabilidade Social entre as empresas do territorio.

- 16) Fomentar o emprego, o emprendemento, a Economía Social, o emprendemento verde e o cooperativismo no medio rural, especialmente en persoas xóvenes ou con especiais dificultades de acceso ao mundo laboral.
- 17) Recuperación de variedades agrogandeiras, forestais e silvícolas locais e a súa comercialización en circuitos curtos.
- 18) Promover a produción agraria en ecolóxico, demostrando a súa viabilidade.
- 19) Promover as economías de calidade asociadas á Marca de produtos e servicios.
- 20) Promover o territorio como lugar que contribúe de forma activa á consecución dos Obxetivos de Desenvolvemento Sostible e aos Acordos Multilaterais Ambientais.
- 21) Garantizar que os procesos de deseño, planificación e xestión no territorio sexan abertos e participativos, que involucren a todas as partes interesadas, que tomen en conta as prácticas, tradicións e culturas locais.
- 22) Promover accións de loita contra a exclusión social das persoas.
- 23) Fomentar o turismo como sector de actividade sostible nas áreas rurais como medio para aproveitar os recursos dos territorios locais.

5.2. Para acadar os devanditos obxectivos, a Asociación poderá desenvolver as actividades seguintes:

- a) Desenvolver iniciativas dirixidas a fixar a poboación no rural, así como fomentar a creación de emprego.
- b) Accións de sensibilización do tecido socioeconómico do territorio vinculadas á problemática, recursos, accións e proxectos que contribúan ós seus intereses de desenvolvemento.
- c) Diseñar, planificar, coordinar e realizar actividades socioculturais, tales como seminarios, conferencias, xornadas, investigacións e estudos relativos á problemática do desenvolvemento da zona, así como editar, publicar, no seu caso, todo tipo de material en soporte escrito, audiovisual ou electro-óptico-magnético, de carácter especializado, didáctico ou meramente divulgativo.
- d) Solicitar perante calquera instancia e executar no seu caso a realización de calquera programa ou proxecto relativo ó desenvolvemento local e rexional, xa

sexa para executarse dentro do territorio estatal ou ben en calquera país estranxeiro.

- e) Diseñar, planificar, coordinar e executar cantas accións ou actividades sexan necesarias para acadar unha axeitada formación e posta ó día permanente de tódolos colectivos socioeconómicos vinculados ó desenvolvemento local e, especialmente, dos membros da asociación.
- f) Recoller, tratar, difundir e intercambiar documentación e información relativa ao desenvolvemento rural a través dos medios adecuados.
- g) Promover directamente actuacións e proxectos que incidan no desenvolvemento equilibrado e medioambientalmente sostible do territorio de actuación.
- h) Artellar e poñer en marcha iniciativas de cooperación entre os axentes da innovación, sector productivo e outros axentes implicados.
- i) Artellar e desenvolver estratexias encamiñadas ao aforro e eficiencia enerxética, ao fomento das enerxías renovables, á xestión de residuos, ao fomento do emprego e emprendemento verde, así como de información, participación e sensibilización para a sostibilidade.
- j) Posta en marcha e desenvolvemento de actividades encamiñadas á catalogación, conservación e preservación da biodiversidade, dos hábitats naturais e da paisaxe, así como o apoio a iniciativas cara á custodia do territorio.
- k) Formular e desenvolver actividades dirixidas a fomentar a agricultura ecolóxica, o emprendemento no sector agrogandeiro, a conservación da variedades locais e razas autóctonas e a multifuncionalidade dos montes, a comercialización dos produtos do sector primario e do pequeno comercio en circuitos curtos.
- l) Fomentar a cooperación entre as empresas e os outros axentes do territorio, desenvolvendo iniciativas enmarcadas na Responsabilidade Social Empresarial e encamiñadas a promover o desenvolvemento sostible e a mellora ambiental do territorio.
- m) Promover actividades de apoio e formación orientadas á inserción laboral e o emprendemento, ligado á explotación sostible dos recursos endóxenos, a cooperación e colaboración entre persoas emprendedoras, así como facilitar estruturas onde se poidan compartir recursos.

- n) Formación, información e intercambio de experiencias e demostracións no sector agrogandeiro, agroalimentario, forestais e montes e nos demais sectores tanto económicos como sociais e medio ambientais do territorio.
- o) Establecer alianzas a nivel local, rexional e internacional para a conservación da biodiversidade e para beneficio da poboación local.
- p) Realizar investigacións e garantir a conservación a longo prazo dos sistemas socioecolóxicos, incluída a restauración e a xestión axeitada dos ecosistemas degradados.
- q) Establecer colaboracións con universidades e organismos de investigación para levar a cabo estudos e plans orientados aos fins da Asociación.
- r) Identificar e divulgar as boas prácticas para o desenvolvemento sostible e identificar as prácticas non sostibles no territorio.
- s) Usar as redes sociais e outras novas tecnoloxías da información e a comunicación, para comunicar os obxectivos e logros.
- t) Levar a cabo campañas de difusión e publicidade que se estimen necesarias.
- u) Realizar cantas actividades poidan resultar conexas, antecedentes ou consecuentes das anteriores.
- v) Promover, fomentar e apoiar proxectos e accións que favorezan a colectivos e persoas en risco de exclusión social.
- w) Calquera outra actividade que teña como obxectivo acadar os fins da Asociación.

TITULO IV: DOS DEREITOS E OBRIGAS DOS ASOCIADOS

ARTIGO 6º.-

6.1. A Asociación estará integrada por un conxunto equilibrado e representativo dos interlocutores dos diferentes sectores socioeconómicos, tanto públicos como privados, con arraigo no ámbito de actuación da asociación, debendo ter tamén un carácter equilibrado e representativo no plano territorial. Non poderán formar parte da Asociación as persoas físicas e as sociedades mercantís, excepto as seguintes entidades de economía social: cooperativas, sociedades agrarias de transformación e sociedades laborais. Rexerá o principio de portas abertas de xeito que se garanta permanentemente a incorporación de asociados.

Para que unha entidade teña a condición de asociado deberá figurar na lista de fundadores ou ben, unha vez constituída a asociación deberá solicitar o ingreso mediante un escrito dirixido ao Presidente/a no que manifieste a vontade expresa de adherirse á asociación e de comprometerse coa consecución dos fins estatutarios. Debe achegar ademais, un acordo do órgano competente da entidade que exprese a vontade de ser asociado e a persoa que representará na asociación, e máis a persoa ou persoas suplentes.

As asociacións terán a súa canle de participación a través das distintas mesas sectoriais e da Asemblea Xeral que constituirán a base de participación e difusión da información das entidades que operan no territorio. A súa composición e funcionamento regulase nos artigos 12º e seguintes dos presentes Estatutos.

6.2. Cando unha entidade solicite a entrada na asociación, unha vez constituída esta, deberá acreditar un ano de actividade no ámbito territorial da asociación.

6.3 Se un candidato a ser asociado non ten o seu domicilio social no ámbito de actuación desta Asociación, deberá demostrar que desenvolve unha actividade relevante e consolidada no tempo no ámbito territorial da asociación, mediante a entrega dunha memoria.

6.4. O Presidente/a trasladará a solicitude á Xunta Directiva, que deberá resolver na primeira reunión que se celebre adscribindo a unha das mesas sectoriais segundo o seu interese preferente.

A decisión da Xunta Directiva de inclusión dun novo socio, deberá ser ratificada na primeira xuntanza da Asemblea Xeral que se celebre.

Para o caso de non admisión pola Xunta Directiva, o solicitante pode recorrer perante a próxima Asemblea Xeral (figurando este asunto expresamente na orde do día correspondente) que dictaminará tendo en conta os criterios que se definan.

6.5 Non se adquire a condición de socio mentres non se satisfaga a cota de entrada, se a houbera, que estableza a Asemblea Xeral, ou satisfaga as débedas que teña pendentes coa asociación. En todo caso, e en relación ós socios quen non teñen o carácter de institucionais, establecerase o que di o artigo 28º apartado f).

6.6. Nin as entidades públicas nin ningún grupo de interese concreto representarán mais do 49% dos dereitos de voto na toma de decisións.

ARTIGO 7º.- Perderase a condición de socio:

- 1.- Por decisión voluntaria do asociado.

2.- Por sanción imposta pola Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas inherentes á condición de socio.

O acordo de expulsión notificarase por escrito pola Xunta Directiva e contra o mesmo, caberá recurso perante a primeira Asemblea Xeral que se celebre.

En todo caso, a Asemblea Xeral ten que ratificar dita expulsión. A Xunta Directiva poderá acordar a separación temporal dun/dunha asociado/a cando se estea a tramitar un expediente sancionador, ou concorran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o atraso no pago dalgunha cota, ou comportamentos que afecten a boa marcha dalgún dos fins da Asociación, en particular, a inasistencia ás reunións dos órganos da Asociación (mesas sectoriais, xuntas directivas e asembleas xerais). A falta de asistencia (sen existir delegación expresa nin causa xustificada de forza maior) a dúas reunións consecutivas de mesas sectoriais, ou a dúas reunións consecutivas de asembleas xerais ou a tres reunións consecutivas de xuntas directivas, suporá a baixa temporal que se manterá por un período mínimo dun ano e rematará coa manifestación expresa do/a asociado/a da súa vontade de reincorporación. Se transcorresen dous anos dende o acordo de baixa temporal sen que se teña producido a solicitude de reincorporación, a baixa tomará carácter definitivo e así será comunicado ao/á asociado/a. En todo momento, e baixo o principio de portas abertas, os/as asociados/as expulsados/as poderán solicitar a súa reincorporación.

3.- A baixa por calquera motivo da Asociación, non exime ó asociado de satisfacelas obrigas e compromisos de calquera natureza que tivera pendentes.

4.- Por extinción da persoa xurídica.

ARTIGO 8º- Os asociados teñen os seguintes dereitos:

- a) Elixir e ser elixido nas mesas sectoriais, e para formar parte de Xunta Directiva e da Comisión Delegada, e de outros órganos da asociación que se poidan crear.
- b) Ser elixidos, como representantes das súas respectivas mesas sectoriais.
- c) Participar con voz e voto na mesa sectorial.
- d) Participar con voz e voto na Asemblea Xeral.

- e) Solicitar e obter información sobre calquera aspecto da marcha da Asociación.
- f) Participar nas actividades da Asociación.
- g) Os demais que resulten das normas legais e dos Estatutos da Asociación, do regulamento de orde interna ou ben dos acordos validamente adoptados polos órganos sociais.

Para poder participar na Asemblea Xeral e nas actividades da Asociación compre estar ao corrente no pagamento das cotas.

ARTIGO 9º.- Son obrigas dos socios:

- a) Asistir ás reunións das mesas sectoriais, xuntas directivas e asembleas xerais e acatar os acordos validamente adoptados polos órganos sociais.
- b) Ocupar os cargos para os que resulten elixidos e desempeñar fielmente as obrigas inherentes ós devanditos cargos. Os cargos serán institucionais, nunca nominativos.
- c) Desembolsar as cotas de entrada e periódicas que acorde a Asemblea Xeral.
- d) Participar e realizar cantas tarefas lles sexan encomendadas pola Asemblea Xeral, a Xunta Directiva, a súa mesa sectorial ou as Comisións ou Comités que puideran crearse.
- e) Cumprir os demais deberes que resulten dos preceptos legais e estatutarios ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.
- f) Ausentarse nos debates e votacións sobre asuntos nos que teña interese directo por motivos de titularidade, económicos ou societarios, de parentesco ata o terceiro grao de consanguinidade, afinidade ou adopción, ou de amizade íntima ou inimidade manifesta.
- g) Fomentar os obxectivos que promove a Asociación.
- h) Prestar cantos servicios determinen os estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos da Asemblea Xeral para contribuír ao logro dos fins sociais.

TITULO V: ÓRGANOS DE GOBERNO E CONSULTA DA ASOCIACIÓN

ARTIGO 10º.- A Asociación de ampla base democrática, rexerese polo sistema de autogoberno e polo principio de representación, a través dos órganos de goberno e órganos de consulta seguintes:

- a) Mesas Sectoriais, órganos de consulta que serán a base de participación e difusión da información para as entidades que operen no territorio
- b) Asemblea Xeral, órgano de goberno
- c) Xunta Directiva, órgano de goberno
- d) Comisión Delegada, órgano de goberno

ARTIGO 11º.-Para tódolos órganos de goberno, deberá cumprirse sempre que os votos do sector privado representen máis do 51% dos votos totais. Ou sexa, para os efectos de adopción de acordos, os órganos decisorios só estarán validamente constituídos cando os representantes do sector privado supoñan como mínimo o 51 % dos membros presentes ou representados.

ARTIGO 12º.-Das mesas sectoriais:

12.1.- As Mesas Sectoriais teñen como finalidade dinamizar sectorialmente aos actores locais implicados no desenvolvemento do territorio, así como servir de canle informativa das actividades da asociación. As mesas sectoriais que se relacionan no parágrafo seguinte con carácter xeral, pretenden abranguer os grandes ámbitos e colectivos implicados no desenvolvemento rural.

12.2.- Os asociados integrados na Asociación organízanse en mesas sectoriais, organizadas en torno os ámbitos seguintes:

Mesa Institucional: Integrada polas distintas administracións e entidades públicas e outras de dereito público implicadas no desenvolvemento do territorio.

Mesa de montes e medio ambiente: Integrada por tódalas asociacións interesadas, que previa solicitude e de acordo co establecido no art. 6 sexan admitidas, e que teñan como obxectivo a dinamización dos recursos naturais e do medio ambiente. Entrarían nesta mesa as organizacións, mancomunidades e comunidades de montes e augas, asociacións forestais, de caza e pesca, asociacións ecoloxistas, ou análogas.

Mesa de desenvolvemento económico: Integrada por tódalas cooperativas non agrarias e as asociacións interesadas, que previa solicitude e de acordo co establecido no art. 6 sexan admitidas, e que teñan como obxectivo a activación dos recursos económicos do territorio. Entrarían neste apartado as cooperativas non agrarias, as asociacións de empresarios, as asociacións profesionais e as organizacións sindicais non agrarias.

Mesa veciñal, cultural, deportiva e xuvenil: Integrada por tódalas asociacións veciñais, culturais, deportivas e xuvenis interesadas, que previa solicitude e de acordo

co establecido no art. 6 sexan admitidas, e que teñan como obxectivo difundir a cultura e/ou impulsar accións sociais neste ámbito de actuación.

Mesa de muller: integrada por tódalas asociacións de mulleres que teñan o seu ámbito de actuación no territorio, que previa solicitude e de acordo co establecido no art. 6 sexan admitidas.

Mesa agrogandeira: integrada por tódalas cooperativas agrarias, por tódalas organizacións profesionais agrarias e por tódalas sociedades agrícolas de transformación, asociacións agrogandeiras e outras, cúa actividade principal sexa a agrícola e gandeira a excepción das forestais, que teñan actividade no territorio, e que previa solicitude e de acordo co establecido no art. 6 sexan admitidas.

Mesa de Acción Social: integrada por tódalas asociacións prestadoras de servicios sociais que teñan o seu ámbito de actuación no territorio, que previa solicitude e de acordo co establecido no art. 6 sexan admitidas.

As mesas sectoriais teñen por función o estudio, informe, consultas, ou facer propostas daqueles temas que vaian ser sometidos á decisión da Asemblea Xeral da asociación. Así mesmo informarán sobre os asuntos que sendo competencia da Xunta Directiva lle sexan sometidos o seu coñecemento por expresa decisión daquela. Deste xeito as mesas sectoriais cumprirán o papel de antena receptora das inxerencias dos diversos sectores da sociedade, trasladándoas á Asemblea Xeral para a súa consideración.

12.3.- Funcionamento das Mesas Sectoriais:

As Mesas Sectoriais reuniranse como mínimo unha vez ó ano, antes da Asemblea Xeral, ou tantas veces como o estime o Presidente/a da Mesa ou cando o soliciten as dúas terceiras partes dos asociados á Mesa.

Cada Mesa terá como mínimo un Presidente/a, e si o número de entidades que constitúen a mesa o permite, un Secretario/a e 3 Vogais.

Os representantes das Mesas serán elixidos por un período de catro anos, excepto aqueles que formen parte da Xunta Directiva que renovaranse o mesmo tempo que esta.

Todos os cargos serán elixidos de forma institucional, é dicir, o cargo recaerá sempre sobre a persoa que ostente o poder ou mandato da entidade interesada, podendo delegar noutro membro da súa Xunta Directiva, Xunta Rectora, etc.

Se se producise unha vacante nunha mesa sectorial, esta cubriríase na primeira xuntanza da mesma. Se a vacante cuberta fora a dalgún membro da Xunta Directiva, o

representante elixido será membro de pleno dereito da mesma de inmediato, mentres non sexa ratificado ou rexeitado na vindeira Asemblea Xeral.

Se ademais, o novo representante elixido ven a substituír o Presidente/a, o Vicepresidente/a/a, o Secretario/a, o viceSecretario/a, o Tesoureiro/a, ou o Vicetesoureiro/a/a, a Xunta Directiva, na súa primeira xuntanza, deberá ratificalo no seu cargo, ou elixir a un novo representante para cubrilo.

12.4.- Modificación da configuración das mesas sectoriais:

Poderanse crear novas mesas, eliminar ou fusionar as existente, reducir o seu número ou aumentalo, ou redistribuír o peso relativo de cada unha delas nos órganos de goberno. Calquera cambio deberá garantir que os votos do sector privado representen mais do cincuenta por cen dos votos totais.

A mesa institucional non poderá eliminarse nin fusionarse con outra, nin incrementar o seu peso relativo nos órganos de goberno da Asociación.

Poderán instar a modificación da configuración as mesas sectoriais implicadas, a Xunta Directiva ou a Asemblea Xeral. A modificación so poderá ser aprobada pola Asemblea Xeral con arranxo ós Artigos 15 g e 16 b, por maioría de dous tercios.

ARTIGO 13º.- Da Asemblea Xeral.

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por tódolos socios da entidade.

A Asemblea Xeral ordinaria reunirse unha vez ao ano dentro dos seis primeiros meses do ano, para aprobar, como mínimo as contas e os orzamentos. A convocatoria a ten que realizar o Presidente/a con quince días de antelación, polo menos, achegando a orde do día coa convocatoria. Neste senso, entre a data da convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea Xeral, en primeira convocatoria, haberán de mediar alomenos 15 días naturais, podendo así mesmo facerse constar a data na que, se procedese, se reunirá a Asemblea Xeral en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra reunión poida mediar un prazo inferior a media hora.

No suposto de que non se previra no anuncio a data da segunda convocatoria, deberá facerse a mesma con oito días de antelación á data da reunión.

A convocatoria da Asemblea Xeral será comunicada por escrito mediante correo ordinario e/ou por medio electrónico a cada un dos socios, con expresión detallada da correspondente orde do día e a documentación necesaria para o bo desenvolvemento da mesma, sen prexuízo de publicala, se así procedese, a través dos medios de comunicación.

Os cargos de representación das diferentes mesas sectoriais na Asemblea Xeral son de carácter gratuíto e honorífico.

Os cargos de Presidente/a e Secretario/a da mesma recaerán nos representantes que ocupen estes cargos na Xunta Directiva.

As sesións da Asemblea Xeral poderán ser ordinarias ou extraordinarias

A Asemblea Xeral extraordinaria reunirse tantas veces como sexa necesario, previo acordo da Xunta Directiva, a convocatoria do seu Presidente/a.

Así mesmo, e con carácter extraordinario, reunirse a Asemblea Xeral mediante petición, por escrito, asinada por un número de socios que constitúan como mínimo un tercio das entidades asociadas, e dirixida á Xunta Directiva, con expresión detallada das cuestións que deban integrar a orde do día da convocatoria. Recibida esta petición, e dentro dos 15 días naturais seguintes, polo Presidente/a procederase a efectuar a oportuna convocatoria para a celebración da Asemblea Xeral.

Cando non se convoque transcorridos quince días dende a petición, os peticionarios poderán facer a convocatoria. A Asemblea xeral así convocada poderá desenvolverse elixindo ao inicio dela un Presidente/a e un Secretario/a/a, cando estes non asistan, sendo o Presidente/a o socio con voto de maior idade e o Secretario/a o socio con voto de menor idade. A reunión será organizada polo Xerente da Asociación ou no seu defecto polo persoal da Asociación de maior rango.

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas, en primeira convocatoria, cando concorran a ela, presentes ou representados, a maioría simple das entidades asociadas, mentres que en segunda convocatoria non se esixirá ningún quórum mínimo.

Do mesmo xeito, para a válida constitución das diferentes Asembleas, será necesario que o número de entidades presentes do sector privado sexa superior ao cincuenta por cen do total de entidades presentes.

Enténdese por representado cando o representante da entidade delegue por escrito noutra persoa debidamente acreditado:

- a) Un membro dun órgano de goberno da súa entidade.
- b) Un representante da súa mesa sectorial.
- c) As asociacións poden nomear ata tres representantes fixos dende o inicio da lexislatura ou facelo en función de cada asemblea.

Para a válida constitución da Asemblea, deberán estar presentes, alomenos un dos seguintes cargos da Xunta Directiva: Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a ou Tesoureiro/a.

De cada unha das reunións realizadas levantarase a correspondente acta, que certificará o Secretario/a co visto e praxe do Presidente/a.

ARTIGO 14º.- Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

- a) Aprobación da acta da reunión anterior.
- b) Coñecer e aprobar, se procedese, a memoria de actividades sociais realizadas e daquelas que se pretendan realizar.
- c) Coñecer e aprobar, se procedese, a conta xeral de ingresos e gastos, así como o orzamento anual de gastos e ingresos da entidade para o exercicio seguinte, modificando as cotas e establecendo as derramas extraordinarias.
- d) Resolver o procedente sobre cantas cuestións afecten á boa marcha da entidade e que sexan sometidas a súa consideración pola Xunta Directiva ou se poidan formular co carácter de rogo ou pregunta por calquera dos asociados.
- e) Aceptación de novos socios.
- f) Establecer calquera tipo de cota. A asemblea poderá acadar establecer importes diferentes para asociados públicos e privados. Se existise, a contía da cota de ingreso será igual á achega fundacional, podendo a asemblea establecer unha actualización anual.
- g) Coñecemento sobre cantas cuestións afecten á boa marcha da entidade que sexan sometidas á súa consideración pola Xunta Directiva ou polos asociados como rogo ou pregunta.
- h) Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.

ARTICULO 15º.- Serán competencias da Asemblea extraordinaria:

- 1) A disposición ou alleamento de bens.
- 2) A ratificación da Xunta Directiva
- 3) O nomeamento de administradores.

- 4) A solicitude de declaración de utilidade pública.
- 5) A constitución dunha Federación ou a integración nela, se xa existise.
- 6) A modificación de Estatutos.
- 7) A modificación da configuración calquera das mesas sectoriais, e da súa participación nos órganos de goberno.
- 8) A disolución da asociación.
- 9) A expulsión dos asociados
- 10) O nomeamento de socios de honra.
- 11) Coñecer calquera cuestión que non sexa da competencia da Asemblea Xeral ordinaria.
- 12) Censurar a xestión da Xunta Directiva, do Presidente/a ou de calquera órgano de goberno.
- 13) Aprobación e modificación do regulamento de réxime interno.

ARTIGO 16º.- Para que os acordos das Asembleas Xerais sexan válidos será necesario:

- a) Ordinarias: Maioría simple (votos afirmativos máis que os negativos) dos votos presentes ou representados.
- b) Extraordinarias: Dúas terceiras partes para as competencias 1) 3) 4) 5) 6) 7) 8) 9) 12) e 13); e maioría simple para o resto do artigo anterior. En ambos casos, dos votos presentes ou representados.
- c) Que os votos do sector público sexan inferiores ao cincuenta por cen do total de votos emitidos.

ARTIGO 17º.- Da Xunta Directiva:

En relación ao nomeamento da Xunta Directiva será cada unha das mesas indicadas no artigo 12.2, as que designarán aos seus representantes na mesma, segundo a composición indicada na táboa do apartado 3 deste artigo.

A Xunta Directiva, por delegación da Asemblea Xeral, asume a dirección da entidade e

estar integrada polos seguintes membros:

- PRESIDENTE/A
- VICEPRESIDENTE/A
- SECRETARIO/A
- VICESECRETARIO/A
- TESOUREIRO/A
- VICETESOUREIRO/A
- VOGAIS, o resto dos representantes.

- 1) A Xunta Directiva elixir entre os seus membros aqueles que ostenten os cargos de Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a, Vicesecretario/a e Tesoureiro/a e Vicetesoureiro/a, que debern ser refrendados pola Asemblea Xeral na sa primeira xuntanza que se celebre.
- 2) Os cargos de Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a, Vicesecretario/a e Tesoureiro/a e Vicetesoureiro/a exrcense a ttulo persoal (non poden ser delegados).
- 3) A xunta directiva ou rgano decisorio similar constar dun mnimo de 21 membros e dun mximo de 25, dos que, polo menos, un deber representar cada un dos colectivos cuxa presenza  obrigatoria na xunta directiva ou rgano decisorio similar, sempre que sexan socios das organizacins solicitantes e desexen formar parte dela, garantindo, en todo momento, a pluralidade e a diversidade na sa composicin. Actualmente a cota de representacin de cada unha das mesas sectoriais na Xunta Directiva, e a que se indica a continuacin.

Componentes	Xunta Directiva
Mesa institucional (Concellos e outras entidades de carcter pblico)	4
Mesa de montes e medio ambiente	4
Mesa de desenvolvemento econmico	2
Mesa vecinal, cultural, deportiva e xuvenil	4
Mesa agrogandeira	3
Mesa de muller	2
Mesa de Accin Social	2

Dos 4 representantes da Mesa vecinal, cultural, deportiva e xuvenil, obrigatoria

corresponderanlle alomenos 1 a unha asociación xuvenil, salvo que na Asociación de Desenvolvemento Rural non existan entidades deste tipo, ou existindo, manifesten explicitamente que non desexan formar parte da Xunta Directiva.

Dos 3 representantes da Mesa Agrogandeira, obrigatoriamente corresponderanlle alomenos 1 a unha cooperativa agraria e alomenos 1 a unha asociación profesional agraria, salvo que na Asociación de Desenvolvemento Rural non existan entidades deste tipo, ou existindo, manifesten explicitamente que non desexan formar parte da Xunta Directiva.

En todo caso, na Xunta Directiva estarán necesariamente representados, cando menos, os seguintes colectivos, sempre e cando sexan socios da Asociación e desexen formar parte da citada Xunta Directiva:

1º. As asociacións de mulleres.

2º. As asociacións de mozos.

3º. As asociacións de acción social.

4º. As asociacións cuxo obxecto social estea relacionado, de xeito prioritario, coa protección, conservación e/ou mellora do ambiente.

5º. As comunidades de montes e as súas organizacións que as representan.

6º. As asociacións do sector agrario, incluíndo as organizacións profesionais agrarias.

7º. As asociacións de empresarios e as asociacións profesionais.

8º. As asociacións do sector cultural, educativo ou etnográfico.

9º. O sector público.

Ademais, nas reunións da xunta directiva ou do órgano decisorio similar poderá participar, con voz, pero sen voto, unha persoa técnica en Desenvolvemento rural designada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

- 4) Verbo de manter un conxunto equilibrado e representativo dos interlocutores dos diferentes sectores socioeconómicos do territorio nos órganos de decisión, o sector público deberá representar menos do cincuenta por cen dos membros da Xunta Directiva. Polo tanto, para os efectos de adopción de acordos, os órganos decisorios só estarán validamente constituídos cando os representantes do sector privado supoñan, como mínimo, o 51% dos membros presentes ou representados.
- 5) No caso de que algunha mesa non se constituía ou ben os seus representantes non desexen formar parte da Xunta Directiva, reducirase o número de representantes na Mesa Institucional de xeito que estes últimos ostenten menos do

cincuenta por cen dos votos.

- 6) Os membros da Xunta Directiva designarán entre eles ós distintos cargos da mesma (Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a, ViceSecretario/a, Tesoureiro/a, Vicetesoureiro/a/a e Vogais) mediante acordo adoptado, por maioría absoluta en primeira votación e maioría simple en segunda votación.
- 7) Os cargos serán persoais e cun mandato máximo de 2 anos. Polo tanto, todos os cargos directivos téñense que renovar alomenos cada 2 anos. Cando se renoven ditos cargos as persoas que ostentan os mesmos poden cambiar ou ben ser reelixidas por un novo mandato de 2 anos.
- 8) Todos os cargos da Xunta Directiva son honoríficos e gratuítos. Só se poderán compensar axudas de custe aos membros da Xunta Directiva no desenvolvemento das súas funcións.
- 9) Poderase crear a figura do Xerente, que se vinculará coa asociación a través dun contrato laboral. O Xerente será seleccionado segundo os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, mediante convocatoria pública. O proceso e os criterios de selección, deberán ser aprobados pola Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva. O seu labor fundamental consistirá en dinamizar o territorio. Tamén deberá impulsar o funcionamento da Asociación dentro dos contidos dos acordos adoptados no ámbito das súas competencias polo órganos sociais. Asemade, establecerase un sistema de selección para o restante persoal cos mesmos principios, aplicándolle os criterios e baremos que procedan en función da categoría das prazas ofertadas.
- 10) O exercicio dos cargos de Secretario/a, e Tesoureiro/a poderase complementar coa designación de persoal cualificado por parte da Xunta Directiva, creándose así unha estrutura técnica que asesore en tales materias a cada un deles/delas.
- 11) A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o Presidente/a ou en ausencia deste o Vicepresidente/a a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo Presidente/a, na súa ausencia polo Vicepresidente/a, Secretario/a ou ViceSecretario/a por esta orde, e a falta dos mesmos polo membro da Xunta Directiva de maior idade.
- 12) Para a válida constitución da Xunta Directiva, deberán estar presentes, alomenos un dos seguintes cargos: Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a, ViceSecretario/a, Tesoureiro/a e Vicetesoureiro/a.
- 13) Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría dos votos dos asistentes. No caso de que a Xunta Directiva pretenda tomar acordos que impliquen o recoñecemento de obrigas financeiras con

terceiros, estes deberán ser tomados pola maioría simple do número legal dos seus membros. En todo caso, os votos do sector público deberán ser inferiores ao cincuenta por cen dos votos emitidos.

- 14) O Secretario/a, ou no seu defecto, o ViceSecretario/a, levantará acta das sesións, que se transcribirán ó libro de actas.

ARTIGO 18º.- A Xunta Directiva é o órgano con facultades xestoras, executivas e de representación da Asociación. Serán funcións da Xunta Directiva as seguintes:

- 1) Admitir, suspender ou dar de baixa provisional ós membros da Asociación con suxeición ó previsto nos Estatutos.
- 2) Propor o nomeamento de socios de honra.
- 3) Cumprir e facer cumprir as normas estatutarias, as de carácter regulamentario, no seu caso, e aqueles acordos que adopte a Asemblea Xeral.
- 4) Propoñer ou conceder axudas no marco de programas ou proxectos que xestione a Asociación. Así como aprobar ou rexeitar cambios nos proxectos beneficiarios de ditas axudas.

Deberá xuntarse a cada expediente unha declaración expresa, asinada por todas as persoas que participen na selección dun proxecto e que sinalen que non teñen ningún interese persoal ou profesional directo na selección do citado proxecto. Se un membro do comité de avaliación ou decisión do GDR ten algún tipo de relación profesional ou persoal co promotor do proxecto, ou calquera interese profesional ou persoal no mesmo, debe presentar unha declaración escrita explicando a natureza da relación ou interese, a cal deberá formar parte do proxecto. Calquera interese común deberá declararse, incluídos os familiares, afectivos, políticos ou económicos. Se un membro do comité de avaliación ou decisión se atopa na situación descrita no parágrafo anterior, non poderá participar no proceso de toma de avaliación ou selección, nin atoparse presente durante o debate da proposta do proxecto. Esta circunstancia documentarase nas actas. Cando exista dúbida sobre o interese común entre algún membro do comité de avaliación ou selección, o GDR deberá remitir o asunto a AGADER para que adopte unha decisión sobre a efectiva existencia dun conflito de intereses.

- 5) Presentar anualmente á Asemblea Xeral a memoria social, informe económico e financeiro anual e conta xeral de ingresos e gastos, memoria explicativa da marcha da entidade durante o exercicio, así como o orzamento anual de gastos e ingresos, memoria e planificación de actividades da mesma para o exercicio seguinte.
- 6) Resolver as dúbidas que se susciten sobre a interpretación das normas estatutarias, regulamentos e normativas internas e suplir as súas posibles

omisións, sen prexuízo de someter as súas decisións á primeira Asemblea Xeral que se celebre.

- 7) Propor as normas regulamentarias e o regulamento de réxime interno á Asemblea Extraordinaria para a súa aprobación, se procedese.
- 8) Organizar, coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre os asociados, designando comisións de estudio e traballo.
- 9) En xeral, desenvolver cantas accións se dirixan ó mellor cumprimento dos obxectivos e fins sociais, sempre que non estean atribuídos á Asemblea Xeral.
- 10) Adoptar e executar as accións de goberno e administración da Asociación.
- 11) Aprobar os expedientes de contratación.

ARTIGO 19º.- A Xunta Directiva reunirse en calquera momento mediante convocatoria do Presidente/a , por propia iniciativa ou a instancia motivada de calquera dos seus membros, que indicarán os asuntos a tratar no orde do día.

Poderán asistir as sesións da Xunta Directiva, con voz pero sen voto, persoas ou entidades alleas á Xunta Directiva cuxo asesoramento sexa de interese para a adopción de acordos.

Os membros da Xunta Directiva, en caso de ausencia, poderán delegar, por escrito:

- a. noutro membro da Xunta Directiva (máximo 1 delegación)
- b. noutro membro dun órgano de goberno da súa propia entidade

En ningún caso un membro poderá ter máis de dous votos.

A delegación do voto nun membro da Xunta Directiva, non implica a delegación de cargo na mesma.

No proceso de toma de decisións , cada membro da xunta directiva ostenta un voto, tendo o Presidente/a o voto de calidade.

Os acordos adoptaranse por maioría simple.

A Xunta Directiva reunirse, con carácter ordinario, alomenos tres veces ao ano e, con carácter extraordinario, cando, pola urxencia dos asuntos a tratar, o dispoña o Presidente/a ou ben o solicite razoadamente algún ou algúns dos seus membros, sendo obrigada a asistencia dos mesmos, agás por causa xustificada.

As reunións da Xunta Directiva serán convocadas por escrito mediante correo ordinario e/ou por medio electrónico, con indicación da orde do día. As ordinarias cunha antelación de 78 horas, e as extraordinarias cunha antelación de 24 horas polo procedemento máis axeitado.

ARTIGO 20º.- O Presidente/a asume a representación legal da entidade a tódolos efectos, tanto en xuízo como fóra del. Correspóndelle dirixir, ordenar e arbitrar os debates, tanto na Xunta Directiva como na Asemblea Xeral, así como:

- 1) Convocar e fixar a orde do día das reunións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral, presidíndoas.
- 2) Presidir e levantar as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, así como dirixir as deliberacións dunha e doutra, decidindo co voto de calidade en caso de empate, respectando que os votos do sector privado representen mais do cincuenta por cen.
- 3) Ordenar os gastos e pagamentos da entidade, asinando, xunto co Tesoureiro/a os talóns, recibos e outros documentos análogos.
- 4) Autorizar coa súa sinatura cantos escritos e comunicacións esixa a marcha da entidade, así como visar os documentos autorizados polo Secretario/a, especialmente se teñen o carácter de certificacións.
- 5) Representar á Asociación perante calquera organismo público ou privado Por desempeñar esta actividade, non percibirá remuneración algunha, aínda que terá dereito a percibir as axudas de custe correspondentes, recollidas no apartado 8 do artigo 17.
- 6) Asumir e realizar cantas encomendas se lle confíen, tanto por acordo da Xunta Directiva como pola Asemblea Xeral.
- 7) Visar as actas das reunións e vixiar a execución dos acordos adoptados.
- 8) Subscribir contratos e convenios a nome da Asociación, outorgar poderes a terceiros, interpoñer reclamacións perante a vía gubernativa e perante a xurisdicción ordinaria e as especiais, aceptar doazóns, legados e herdanzas, exercitar accións e opoñer excepción.
- 9) Propor o plan de actividades da Asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- 10) E todas aquelas outras funcións non expresamente atribuídas ós restantes órganos de goberno e de consulta.

11) Exercer a xefatura do cadro do persoal da entidade.

ARTIGO 21º.- O Vicepresidente/a substituirá ó Presidente/a no caso de ausencia ou enfermidade, e desempeñará aquelas funcións que nel delegue o Presidente/a, tendo, en todo caso, atribuídas ás relacións públicas da entidade.

ARTIGO 22º.- O Secretario/a correspóndelle o exercicio das funcións propias do seu cargo así como:

- a) Actuar como tal en tódalas reunións.
- b) Custodiar os libros e documentos, agás os de contabilidade, carimbos e o ficheiro da entidade.
- c) Dirixir, organizar e coordinar o desenvolvemento administrativo da entidade, sen prexuízo das tarefas de impulso que lle poidan corresponder á figura do xerente.
- d) Redactar e anotar nos libros correspondentes as actas das reunións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral, e expedir certificacións dos mesmos co visto bo e praxe do Presidente/a.
- e) Levar a correspondencia ordinaria e exercer, no seu caso, a xefatura do cadro de persoal da entidade.
- f) Executar os acordos estatutariamente adoptados, baixo a supervisión do Presidente/a.
- g) Cotexar a documentación que lle poida ser entregada á Asociación.
- h) Redactar a memoria social anual da entidade.

Na súa ausencia farase cargo o ViceSecretario/a de tódalas funcións asignadas ao mesmo.

ARTIGO 23º.- O Tesoureiro/a corresponderalle:

- a) Recadar os fondos da entidade, custodialos e investilos do xeito que determine a Xunta Directiva.
- b) Efectuar os pagamentos ordenados polo Presidente/a.
- c) Velar pola boa orde económica da entidade, así como polos axeitados investimentos orzamentarios, en orde ós obxectivos e fins da Asociación.

- d) Dirixir e ordenar a contabilidade.
- e) Confeccionar a conta xeral de ingresos e gastos, así como o orzamento anual de gastos e ingresos.

Na súa ausencia farase cargo o Viceteseoureiro/a de tódalas funcións asignadas ao mesmo.

ARTIGO 24º.- Os Vogais desempeñarán as funcións xenéricas do seu cometido, sen prexuízo daquelas outras que procedan e que concretamente a cada un deles, lle sexan atribuídas por acordo da Xunta Directiva.

ARTIGO 25º.- Da Comisión Delegada:

A Comisión Delegada estará formada polo 50% dos membros da Xunta Directiva, entre os que estarán o Presidente/a e o Secretario/a, sendo elixidos os restantes membros pola Xunta Directiva. Os representantes institucionais serán menos do cincuenta por cen dos membros da Comisión Delegada.

Para a válida constitución da Comisión Delegada deberán estar presentes, alomenos o 51% dos seus membros. A Comisión tomará os seus acordos por unanimidade en primeira votación, e por maioría simple na segunda. En casos de empate, elevaranse as decisións á Xunta Directiva.

A Comisión Delegada deberá convocarse con unha antelación mínima de 48 horas. A convocatoria realizarase preferentemente por teléfono e/ou por e-mail.

Os membros da Comisión Delegada, en caso de ausencia, poderán delegar, por escrito noutros membros da Comisión, sen que isto implique a delegación de cargo. En ningún caso un membro da Comisión Delegada poderá ter máis de dous votos.

O Secretario/a da Asociación tamén o será da Comisión Delegada. En caso de non asistir, exercerá de Secretario/a a persoa de maior idade dos membros da Comisión, e terá a obriga de transcribir ao libro de actas correspondente a acta levantada na xuntanza.

ARTIGO 26º.- Funcións da Comisión Delegada:

A Comisión Delegada ten atribuídas as seguintes competencias e funcións:

- Tomar as decisións necesarias para a execución dos proxectos promovidos pola propia Asociación.
- Contratar os traballos técnicos necesarios para executar os proxectos promovidos pola Asociación e as asistencias técnicas.

A comisión, en ningún caso poderá:

- Subrogarse outras competencias da Xunta Directiva recollidas nos Estatutos e nos Regulamentos, diferentes ás reflectidas anteriormente.

TITULO VI: RÉXIME ECONÓMICO

ARTIGO 27º.- No momento da súa constitución, a Asociación carece de patrimonio fundacional. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

ARTIGO 28º.- A Asociación poderá ter patrimonio propio e nutrirase dos seguintes recursos económicos:

- a) Das cotas ordinarias e derramas extraordinarias que poidan establecerse pola Asemblea Xeral.
- b) Das doazóns e legados a prol da Asociación.
- c) Das subvencións que poidan serlle concedidas por calquera institución pública ou privada, estatal, comunitaria ou estranxeira.
- d) Dos resultados económicos das actividades da Asociación.
- e) Calesqueira outros ingresos permitidos pola lexislación vixente.
- f) Os representantes non institucionais poderán quedar eximidos de aportar a cota de entrada e ordinaria.
- g) Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os asociados os recursos obtidos pola Asociación.

ARTIGO 29º.- A contía das cotas e contribucións dos socios será proposta pola Xunta Directiva e aprobada en Asemblea Xeral que determinará, así mesmo, o xeito no que se farán efectivas.

TITULO VII. DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

ARTIGO 30º.- O Regulamento de Réxime Interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso o funcionamento interno da Asociación estará sometido ó ordenamento xurisdicional civil.

TITULO VIII. MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

ARTIGO 31º.- Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva, dun cuarto dos socios, ou por imperativo legal. A convocatoria da Asemblea estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 5 días naturais para que calquera socio poida dirixir a Secretaria da Asociación as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e deberán ser remitidas á sede da Asociación cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

ARTIGO 32º.- Para ser aprobada a reforma dos Estatutos, será necesario o voto favorable dos 2/3 dos socios presentes ou representados na Asemblea Xeral.

TITULO IX. SUPOSTO DE DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

ARTIGO 33º.- A Asociación establécese por tempo indefinido e poderá disolverse, no seu caso, nos supostos seguintes:

- a) Por vontade dos socios, mediante acordo adoptado pola Asemblea Xeral extraordinaria convocada ó efecto, e cos requisitos que determina o artigo 15, apartado h).
- b) Por sentenza xudicial.
- c) Por non ter recursos económicos.
- d) E polas demais causas que determine a lei.

ARTIGO 34º.- No caso de disolución, a Asemblea Xeral elixirá entre os seus membros a tres deles, para constituír a correspondente Comisión Liquidadora, ostentando o de maior idade a Presidencia da mesma.

ARTIGO 35º.- A Comisión Liquidadora farase cargo do patrimonio existente e satisfará as obrigas pendentes, se existisen as mesmas. O haber resultante unha vez efectuada a liquidación darase a outras asociacións non lucrativas subscritas na Comunidade Autónoma preferentemente no ámbito dos concellos nomeados no artigo 4º dos presentes Estatutos, e que teña os mesmos ou similares fins desta Asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondentes para proceder á inscrición da disolución da Asociación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.- En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicará a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos quedan redactados conforme ás modificacións aprobadas na Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada na data do 18/07/2022 e coas maiorías previstas nos estatutos da asociación.